

Melodía compleja

(Composición poética a 5 voces)

(prólogo)

Unha anciá observa desde fóra do recinto a escena que
na caixa branca representa a obra teatral da
que David Mamet un
día falou. Falou contra o vento que de fronte
na súa face
batía.

(retrouso a cantar)

Canta e brúa na eira.
Canta e brúa na eira
de Begonte que axiña se achega
o ar, a auga e a pedra.

(no belén)

Habitas no alto.
Se acaso a chuvia bate con estrondo barullento contra os muros da casa. Se acaso
non.
Apañas da terra a semente para o alento; para o alimento e despois
para ter semente coa
que sementar a terra
de onde apañas.

(mística)

Acceden ao interior da aldea.
Sobre eles a noite achega. Eles
camiñan sentindo a grava. María
senta nun pousadoiro coa ollada
no interior dun recuncho onde
reside un rato que chía por medo. No recuncho
María percibe o brillo nos ollos
do animal.

(retrouso a cantar)

A escuridade ha chegar.
A escuridade ha chegar.
No noso breve descanso
de Begonte has recuncar.

(no belén)

Habitas no alto.
Moves o brazo en xesto circular. Permites
a roca no centro da imaxe. Tiras o liño
de dentro cara a fora. Tres
figuras máis observan de preto. Quizais son as que
desde o soño mudan os torrentes do Négueb,. Quizais
non.

(mística)

Tras o breve descanso
Xosé turra polo brazo de María.
Terma do seu espírito de muller cansa. Apaña
ás présas o sinal da corredoira que descende. Ninguén
cara a eles olla. Ninguén observa. As laxes
do camiño escorren.

(retrouso a cantar)

Os cumes destas montañas.
Os cumes destas montañas
son os cumes de Begonte
desde onde van as olladas.

(no belén)

Habitas no alto.

“Para esta terra ha chegar
do lugar que nel xa dormen
os rabaños e, de cadrar, o río.”

Isto pensas mentres de diante a atrás lixas
nun anaco de madeira onde mañá alguén
sentará sabendo de quen
é a obra.

(mística)

Imaxinemos por un intre que a parella bate nalgunha porta.
Imaxinemos que mentres certa persoa opta por non abrir
outra considera amosar a calor que dentro da estancia resoa.
Posteriormente volve fechar deixando a María e a Xosé na rúa.
El sorri coa confianza de quen sabe que todo
está
decidido. Ela
terma do ventre coas dúas mans.

(retrouso a cantar)

Como a sombra se achega...
Como a sombra se achega...
En Begonte os carballos son
sombra en primavera.

(no belén)

Habitas no alto
facendo a malla e que a xente coma.
Sen traballo nada terás para alimento
dos teus fillos. Coa
suor da fronte has gañar o sustento.

(mística)

A noite non é un bo lugar para comezar a vida.
A sagrada parella atopa entre animais refuxio.
O sono achega o fociño por entre os tellados. O moucho
fica esperto.

(retrouso a cantar)

O paraíso na Terra Cha.
O paraíso na Terra Cha;
dormir en Begonte baixo
o ceo que a estrela dá.

(no belén)

Habitas no alto.
Os peixes un día serán os peixes da catacumba,
alí onde o silencio é estadía e raíz.
Ti arrincas os peixes da auga no movemento simbólico
que na escuridade a treboada escintila.

(mística)

No interior do soño
un neno nace entre a palla,
o refacho e a historia.

(retrouso a cantar)

A infancia en Begonte é
A infancia en Begonte é
un paxariño fermoso que
a carón de min vén comer.

(epílogo)

*A anciá ergue as mans amosando as palmas,
recua dous pasos, xira arredor de si
e bota a camiñar
permitindo que a cortina baixe.
De non haber espectador
nada
acontece.*